

## A poesía feminina de postguerra

Unha rápida ollada á poesía feminina da postguerra galega faise evidente, máis alá de diferencias xeneracionais, persoais, temáticas e formais, a raíz intimista da súa poética. Autores como Anne Marie Morris (1916), Pura Vázquez (1918), María Mariño Carrou (1918), Luz Pozo Garza (1922) ou Xohana Torres (1931) participan dunha concepción poética anclada no máis fondo do eu, como a de Rosalía de Castro ou Luís Pimentel.

Parece que o carácter significativo desta coincidencia está fora de toda dúbida e que a explicación materialista do feito despearía en parte a incógnita. Así, a raigame íntima desta poesía sería unha manifestación máis da propia educación e cultura femininas que lle asignan á muller o mundo do íntimo e privado. Compra ter en conta ademais que cando a muller irrumpe nalgunha actividade do torreo público tradicionalmente reservado ao home, como é o ámbito literario, non pode evitar facelo desde a súa situación de ghetto, polo que estará, en certa maneira, sempre ao marxen. Esta actitude marxinal podería explicar a súa adscripción ao intimismo, fora de todas as modas e correntes literarias.

Centrándonos na obra das autoras nadas nas tres primeiras décadas do século, vemos como dentro da liña poética intimista hai grados, matices e aspectos fundamentalmente diferentes.

En primeiro lugar habería que sinalar a radicalidade de dito intimismo, que mostra grados de fondura que van da intimidade a froel de pel de «un paxaro revoa, canta dentro de min», de Pura Vázquez, á intimidade abismal dos versos de Xohana Torres: «Eu canto escuramente / nista soia virtude / de non falar de menos dentro».

O intimismo de claro carácter sentimental de Pura Vázquez móstrase en obras como *Maturidade* (1954), *A saudade e outros poemas* (1963) ou *O desacougo* (1971). Dentro desta mesma liña sitúase a súa irmá Dora Vázquez. E un pouco a metade do camiño entre as dúas actitudes sinaladas, poderíamos colocar a poesía existencial de María del Carmen Kruckenberg e da portuguesa María Manuela Couto Viana.

O radical intimismo de Xohana Torres inicieuse en *Do sulco* (1957) para culminar con *Estacións ao mar* (1980). Na súa poesía asistimos á procura dunha lin-



Pura Vázquez



Luz Pozo Garza

guaxe nova que permita expresar as meditacións - sentimentos da autora sobre Galicia, o tempo, o mar e a morte. Este mergullarse acompañado por entre a lingua, o pensamento e as cousas fai estalar en mil anacos a estrutura do galego. O mesmo ocorre nos versos de María Mariño, a quen Novoneyra caracterizou como «dinamiteira da fala» e que coa súa

impresionante intimidación abismal sitúase na mesma liña poética radical de Xohana Torres. En *Palabra no tempo* (1963), así como no inédito *Verba que comenza*, mostra a interdependencia creativa de intimismo radical e ruptura lingüística, como deixan ver os versos seguintes: «Tan embrollado falo hoxe que cáeseque non me entendo. / En vez de «Ven! dixen

«Vou!», / é sentir forte chamar de voz vella de quen son».

A destrución da linguaxe normativa dáse tamén, aínda que nunha menor medida, noutras dúas autoras: Anne Marie Morris e Luz Pozo Garza. A norteamericana Anne Marie Morris presenta en *Voz fuxitiva* (1965) un intimismo saudoso de raíz rosaliana popular e cancioneril, que xoga coa maxia e o extrañamento da lingua.

A inspiración tamén esencialmente intimista e a temática existencial (o amor, a soedade, a morte...) de Luz Pozo Garza déixanse ver a través da liberación lingüística do surrealismo sensual en *O paxaro na boca* (1952), para estoupar no descordo lingüístico de *Verbas derradeiras* (1972), volvendo logo a unha maior harmonía vital e lingüística en *Concerto de outono* (1981).

Moitos outros aspectos se poderían sinalar dentro desta liña de inspiración íntima. Un deles é a presenza tanto temática como paradigmática da figura e da obra de Rosalía de Castro, xa que a case totalidade das autoras teñen poemas a ela dedicados e moitas recrean ou intertextualizan os seus versos ou os seus temas: «Días e días tecin na tea do meu tear», di María Mariño, e Luz Pozo Garza fala da «branca sombra» e da «sombra que non me asombras».

A sensualidade e o materialismo deste canto íntimo é outro dos seus aspectos. Estas dúas notas de fonda raigame galega negan, con moi poucas excepcións o carácter individualista de dito intimismo, ao botar por terra a concepción monolítica e pechada do eu. Neste sentido tense falado da mística materialista de María Mariño que cunta a interpretación cósmica do eu e o mundo co latexo axexante do tempo e da morte: «Somos un ou somos dous, ou tantos como en nós temos? / Cada un é o caber dun mundo que non sabemos / si somos ou si el é o que ten e nós meecemos».

Da mesma maneira, a poesía filosófica de Xohana Torres é paradóxicamente unha metafísica materialista na que se palpa o «poderlo do tempo» no mar, na terra e nas cidades de Galicia.

Outro xeito de prolongación do eu nas cousas é o que mostra o sensualismo de Luz Pozo Garza. Dita sensualidade faise ás veces canto: «Eu fago conta de que son da terra, / ou son unha silveira, no teu colo, / na tua veira de aire e peixes louros». E saíao outras: «xa non sei / si me chove ou vou chorando».

Carmen Blanco

### Inédito de Pura Vázquez

*Coa túa presenza, o mundo encheuse de beleza novamente.*

*Aos meus ollos chegaron quedos barcos de luz, e as miñas maus esnuaron mouláns mares de soños, mares ledos roldando poboadas illas de amor, doctsimas gacelas engadadas do meu sangue.*

*Eu non sei de que terras, de que paisaxes chegas, resucitas, extraño pasaxeiro.*

*¿Qué ledicias me tras, qué nostalgias se queiman na fogueira trunfante da túa paixón?*

*¿Por qué a presenza tua me agroma as veas de anceares novos, me agroma fondamente,*



*me recende no espácio e me aloumiña gozosa a pel da tarde, e arde na limpa craridade das erbas e dos árbores?*

*É tarde xa, moi tarde, pasaxeiro, pra o meu degoro esmacelado...*

*Queima as túas azas e apaga istas pavesas, iste lume, que as corredoiras por a noite alónganse e calaron as voces das primaveiras.*

*Toma o meu corazón, lava a sua infinda e serea siñeridade, os seus fondos cansacios, seus solsticios de amor esmorecidos, e espállaos por o vento ledamente coas últimas estrelas desmedradas...*

*Apaga a sua lampada, o seu recendo, e cráva no vítral esprendoroso dos malditos solpores que me branguen.*